

Unha ferverza é unha caída de auga dende certa altura provocada polo desnivel existente no canle dun río. Recibe tamén outros nomes como: *cascada*, *ruxidoira*, *cenza*, *censa*, *freixa*, *cadoiro*, *abanqueiro*, *chorreira*, *chorredeira*, *fecha*, *ficheira*.

A **fervenza do río Toxa**, cos arredor de 70 metros de caída libre, considérase a maior de Galicia.

FLORA: Freixos (*Fraxinus angustifolia*), ameneiros (*Alnus glutinosa*), salgueiros (*Salix atrocinerea*), sanguíño (*Fragula alnus*), sabugueiro (*Sambucus nigra*) e outras especies de ribeira.

FAUNA: Na desembocadura, aves raras como a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*), rascón de auga (*Rallus aquaticus*) e outros. Peixes como salmón (*Salmo salar*), escalo (*Chondrostoma polylepis*)...



www.viaauria.com
info@viaauria.com

Teléfono: 630 28 34 40

Próximo Roteiro

Ruta do Condado de Monterrei

Xantar: Cordeiro leital asado autóctono e ecolóxico



IMPORTANTE

- No momento de pagar a inscrición haberá que decidir cuál é a opción elexida para cada caso por cada persoa.
- A inscrición farase, como de costumbre, na parada-café de hoxe (21.01.06) e, se quedaran prazas, haberá que chamar previamente ó 630 283440.
- O prezo non inclúe ningún produto distinto dos especificados. En caso de querer algo distinto do pactado terá que ser solicitado e pagado a maiores en "barra" polo interesado.

Conta da Asoc. Cult. Via Auria : **CaixaGalicia**
2091-0471-35-3040002209

MENÚ: (elexir opción)

Primeiro prato:

- a) Caldo galego
- b) Callos

Segundo prato:

- a) Cordeiro leital asado
- b) Lenguado á prancha

Bebidas:

- a) Viño
- b) Auga

Café

Postre:

- a) Flan caseiro
- b) Tarta xelada

ROTEIROS CULTURAIS

VIA AURIA



ROMÁNICO DO DEZA

FERVENZA DO TOXA



Data: 18 de febreiro de 2006

Breixa: igrexa parroquial que conserva restos románicos nos arcos do presbiterio, porta do muro sur de arco semicircular apoiado nunha columna por xamba, cuxos fustes desapareceron. Variados e interesantes canecillos.

San Pedro de Ansemil: Toda unha delicia para os amantes da arte. A igrexa parece te-la súa orixe entre os séculos IX e X. En torno ó s. XVI, a comunidade de monxas bieitas que o habitaba, agrégase o



compostelán San Paio de Antealtares, situado na célebre Quintana e en cuxo arquivo aínda se poden atopar documentos pertencentes ó de Ansemil.

Esta antiga igrexa mosteiral, hoxe parroquial, está formada por dúas capelas, unha románica e outra gótica que integran elementos de ambos estilos arquitectónicos e escultóricos.

A románica responde a pranta basilical constando de tres naves e tres ábsides rectangulares. As naves divíndense con arcos forneiros semicirculares peraltados, sobre dúas pilastras por lado, cun sinxelo ábaco biselado e semicolumnas adosadas só ó interior da fachada. A portada principal de dobre arquivolta con axedrezado, de directriz semicircular moi peraltada, sobre dúas columnas por lado, dintel con catro raias horizontais e tímpano de sillares. Os capiteis externos de ornamentación froral e os interiores historiados. Fiestras en saetera.



A gótica, tamén se coñece como *Capela señorial dos Deza* por albergar no seu interior o sartego do cabaleiro Diego Gómez de Deza, datado no ano 1341.



Adosada á románica polo muro sur, ten unha sóa nave e unha capela semicircular na cabeceira. A fachada presenta porta rectangular de xambas lisas con dintel pentagonal na que destaca o Agnus Dei cunha cruz procesional frordelisada, entre o sol e a lúa. Sobre a porta, unha imaxe da Virxe do Leite

sentada nunha cadeira de arqueiría oxival trilobulada. Conserva ademáis, interesantes canecillos e ferraxes medievais rematados en bocas de serpes nas follas das portas. Para saber máis: Ángel del Castillo, *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, Santiago de Compostela, 1972.



San Lourenzo de Carboeiro: Mosteiro Bieito do século X. San Lourenzo de Carboeiro viu reedifica-la súa igrexa a partir de 1170 para segui-la súa construción até finais do século XII.



Constaba de tres naves, e cabeceira rodeada por xirola rematada en tres capelas radiais.

Para salva-lo grande desnivel oriental, edificouse unha cripta de pilares cilíndricos e abovedamento pétreo de gran resistencia para soste-lo peso da pranta superior.

"...N-a pranta estaban incruídas tres torres, unha sobre o estribo que stá á esquerda d'a porta prencipal, e duas a entrada d'a chirola antes d'as capelas d'os lados. As tres se servían por escaleiras de caracol metidas n-a parede; e n-as d'os lados dá chirola, estas mesmas escaleiras que daban subida as torres, baixaban á a espaciosa cripta..."



"...os capiteles son paricidos á os d'a Catedral de Santiago e con esto xa está dito todo..."

"...na chirola, como dixemos, desembocaban tres capelas ausidales. A do medio, que viña á ser coma a cabeceira d'a eirexa, era un pouco maor que as outras e estaba adicada á San Benito. A d'a dereita staba adicada á Nosa Señora de Belén, e a outra servía de sancristía..."

"...a pranta d'ela componse de tres naves, un cruceiro, o áside prencipal que se pode andar todo ao redor, e outros cinco ásidés máis pequenos..."

O niño de Pombas, de López Ferreiro